



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE SETEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construción: Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-551. Treito: Bagüín - Seixo. Punto quilométrico 2+900-3+700., de clave: PO/16/265.06, no concello de Marín.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ourense, da rúa Otero Pedraio (travesía da OU-536) dende o punto quilométrico 0+000 ao punto quilométrico 1+000.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula a artesanía alimentaria.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2018.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de subvencións ás federacións de asociacións do ámbito da discapacidade, para o financiamento das actuacións salariais derivadas da entrada en vigor do XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade, así como para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no regulamento de subvencións. Importe total: tres millóns seiscentos corenta e seis mil trescentos setenta e oito euros con cincuenta e nove céntimos (3.646.378,59€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a resolución dos obradoiros de emprego.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDAD E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe do 1º semestre de 2019 emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña de vacinación antigripal 2019.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Programa de Casas Niño: situación actual e próximas actuacións.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL ENTRE BAGÜÍN E SEIXO, NO CONCELLO DE MARÍN, CUN INVESTIMENTO DE 700.000 EUROS

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé o levantamento de actas previas no último trimestre deste ano e a licitación das obras no primeiro de 2020***
- ***Trátase da construción dun itinerario de 940 metros na marxe dereita da vía autonómica PO-551, no tramo entre a intersección á altura da Cova da Moa e a beirarrúa de Bagüín***
- ***Esta actuación inclúe a mellora do acceso á praia de Aguete, ampliando a estrada para facilitar as manobras e contribuír a optimizar a mobilidade en condicións seguras***
- ***Esta iniciativa enmárcase no Plan de sendas da comarca do Morrazo, que prevé case 9,2 quilómetros de itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe cun investimento que supera os 5 millóns de euros***

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar na estrada autonómica PO-551 o proxecto de construción dunha senda peonil e ciclista no treito entre Bagüín e Seixo, no concello de Marín.

Esta actuación conta cun orzamento de máis de 700.000 euros, en que se inclúe o pagamento aos titulares das 40 leiras necesarias para executar esta actuación.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé a licitación do contrato de obras no primeiro semestre de 2020, e procederá ao levantamento de actas previas no cuarto trimestre deste ano.

O itinerario desenvolverase no tramo entre o punto quilométrico 2+815, na intersección á altura da Cova da Moa, cunha vía municipal que vai ao paseo, e o 3+750, conectando coa beirarrúa de Bagüín.

A actuación céntrase na execución dunha senda de 940 metros de lonxitude na marxe dereita da estrada PO-551. Actualmente a estrada conta cunha senda ata o punto quilométrico 2+910 pola marxe esquerda, executada no ano 2014, polo que para facilitar o cruzamento está prevista a sinalización dun paso de peóns con semáforo con pulsador antes da parada de bus.

Proxéctase unha senda de formigón coloreado paralela á estrada, respectando a actual beiravía, cunha sección mínima de 1,8 metros. Para darlle continuidade executarase unha pequena estrutura elevada de aproximadamente 40 metros de lonxitude á altura do punto quilométrico 3+100, punto en que existe unha obra de paso.

Finalmente, mellorarase a seguridade viaria do acceso á praia de Aguete, no punto quilométrico 2+920. A estrada non dispón nesta zona de carril central que permita a

incorporación á PO-551, polo que o proxecto prevé ampliar a plataforma da estrada entre os puntos 2+855 e 2+965, facilitando as manobras e contribuíndo, desta forma, a mellorar a mobilidade, en condicións seguras dos distintos usuarios da vía.

Cabe salientar que o departamento de Infraestruturas da Xunta executou no ano 2014 a obra de construción da senda peonil na estrada PO-551, dos puntos quilométricos 2 ao 2+950, treito Bagüín-Marín, á cal se dará continuidade con esta nova obra que se promove agora e que supuxo un investimento de máis de 236.000.

Esta actuación do Goberno galego desenvolve un dos 7 proxectos do Plan de sendas na comarca do Morrazo, itinerarios que suman case 9,2 quilómetros e aos cales se destina un orzamento que supera os 5 millóns de euros.

O Plan de sendas de Galicia está cofinanciado con fondos europeos do programa Feder 14-20.

No seguinte plano amósanse as zonas onde se executará o novo itinerario:



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE OURENSE DA AVENIDA DE OTERO PEDRAYO, LOGO DE REFORMALA CUN INVESTIMENTO DE CASE 2 MILLÓNS DE EUROS

- *A transferencia enmárcase no convenio de colaboración da Consellería de Infraestruturas co Concello, tras rematar en febreiro as obras de mellora da accesibilidade nesta vía*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais*
- *Coa transferencia, o concello ourensán será o responsable da súa conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de acordo coas súas características*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a transferencia a prol do Concello de Ourense da travesía da estrada autonómica OU-536, treito plenamente integrado no núcleo da cidade e que se corresponde coa avenida de Otero Pedrayo.

Este cambio de titularidade dá cumprimento ao acordado no convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Xunta de Galicia en novembro do 2018, no cal a Administración autonómica se comprometía á execución dunha serie de investimentos na rede autonómica de estradas ao seu paso pola cidade de Ourense, cuxa titularidade se transferiría ao Concello unha vez rematadas as obras nos treitos con características de travesía.

A finais de febreiro deste ano 2019 o departamento de infraestruturas da Xunta rematou as obras de mellora da accesibilidade no primeiro quilómetro da OU-536, na avenida Otero Pedrayo, cun investimento de case 2 millóns de euros, e os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas emitiron informe favorable da proposta de cambio de titularidade elevado hoxe ao Consello da Xunta.

Os traballos realizados pola Xunta de Galicia na avenida Otero Pedrayo permitiron mellorar a accesibilidade nesta travesía, na cal se puxeron a punto as vías de servizo, ademais de aumentar a seguridade viaria e a fluidez do tráfico coa execución de dúas rotondas nos puntos quilométricos 0+240 e 0+695.

Tamén foi moi importante, e facilita este cambio de titularidade, a renovación de treitos de varias redes de servizos de titularidade municipal, como o abastecemento, a drenaxe e saneamento ou a iluminación pública con luminarias de maior eficiencia enerxética.

Ademais, o departamento de infraestruturas da Xunta actuou na mellora da accesibilidade dos peóns con reordenación de pasos peonís, instalación de semáforos con control de paso mediante pulsador e iluminación de reforzo, mellora da dotación de beirarrúas e construción de senda nun treito na marxe dereita máis alá do punto quilométrico 1.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais, e a transferencia a prol do Concello de Ourense tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Coa transferencia, o Concello será o responsable da súa conservación e mantemento e poderá actuar sobre esta vía de modo acorde coas súas características, sen que sexan xa de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos.

A transferencia ao Concello de Ourense deste primeiro quilómetro da travesía da OU-536, formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no *Diario Oficial de Galicia* do decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico.

A XUNTA APROBA O DECRETO DE ARTESANÍA ALIMENTARIA QUE REXERÁ OS PRODUTOS AGROGANDEIROS ARTESANAIS GALEGOS

- ***Esta normativa dará garantías ao consumidor de que os produtos son feitos de xeito tradicional e respectuoso co ambiente, procurando a Galicia verde***
- ***Os produtos poderán atoparse no mercado cun distintivo propio que permitirá distinguir tamén aqueles feitos na casa e os elaborados en zonas de montaña***

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Decreto de artesanía alimentaria que elaborou a Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) para poñer en valor os produtos agrogandeiros artesanais e protexer os seus produtores. Trátase da primeira norma específica que concretará o que é unha produción artesanal e, deste xeito, evítase que se poida utilizar este termo ou similares como “feito na casa” ou “caseiro” de xeito falaz ou incerto.

Así, este novo decreto regula as condicións técnicas específicas necesarias para a produción artesanal dos produtos alimentarios. Entre estas condicións está que todos os procesos de elaboración deben ser realizados conforme a práctica do bo facer artesán, consonte a norma técnica que se aprobe para cada tipo de produto. Estas normas técnicas conterán, en todo caso, a elaboración tradicional e a presentación senlleira, que dan ao artigo final unha calidade diferencial. Ademais, en caso de que o produto en cuestión poida estar incluído no ámbito de protección dunha denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, a norma exixirá que estea acollido a ela.

Ademais, para ser produto artesán establécese como requisito que as materias primas sexan seleccionadas e que non se poidan utilizar potenciadores do sabor, colorantes ou saborizantes artificiais, nin graxas trans (hidroxenadas artificialmente) ou graxas procedentes da palma ou do coco, entre outros aditivos artificiais. Tampouco se poderán utilizar produtos semielaborados como materia prima, agás en casos excepcionais que se xustificarán na norma técnica correspondente. Pola contra, admitirase, en cambio, o emprego de medios mecánicos para determinadas fases do proceso de elaboración, de acordo co que se indique na norma técnica correspondente.

A maiores, o decreto establecerá que, para garantir a intervención persoal do artesán no proceso, non se admitirán reetiquetaxes nin razóns sociais de intervenientes no circuíto comercial que non sexan as da empresa artesanal elaboradora do produto, nin se admitirá tampouco a utilización de marcas que non sexan dela.

Neste decreto régulase tamén o rexistro da artesanía alimentaria en que deberán estar inscritas todas as empresas artesanais alimentarias. O rexistro dependerá da Agacal e permitirá coñecer con exactitude a dimensión deste recurso social, xestionalo e calcular o alcance da acción administrativa, de xeito que o esforzo da Administración beneficie as persoas profesionais do sector.

A nova normativa, que entrará en vigor aos seis meses de ser publicada no *Diario Oficial de Galicia*, ten que desenvolverse con normas técnicas específicas para cada sector. De feito, o propio decreto distingue 16 grupos de produción, entre os cales están os produtos lácteos, cárnicos, produtos da pesca e da acuicultura, viños, licores, sidra, cervexa e produtos de panadaría e confeitaría, entre outros. Cada unha destas actividades terá os seus propios requisitos que irán definidos nesas normas técnicas en que xa traballa a Consellería do Medio Rural xunto cos distintos sectores. O obxectivo é aprobar primeiro aquelas con maior repercusión en Galicia polo seu número de profesionais e volume de produción.

Identificación

Os obxectivos deste decreto pasan por promover e protexer as producións e elaboracións tradicionais artesanais de alimentos de alta calidade que contribúen á conservación da cultura alimentaria galega. Polo tanto, suporá importantes beneficios para os produtores e, por conseguinte, para os veciños do rural, pero tamén para os consumidores, que poderán identificar axilmente este tipo de artigos amparados por un selo específico.

Ademais do selo xenérico de Artesanía Alimentaria, haberá outros dous produtos artesanais específicos, un deles para os produtos artesanais caseiros ou da casa e outro para os produtos artesáns de montaña, que tamén levarán a súa propia identificación. Os primeiros serán aqueles obtidos por empresas artesanais alimentarias que utilicen como base fundamental as materias primas procedentes dunha explotación agraria á que estea ligada a empresa artesanal, é dicir, que coincidan (ou estean vinculados) o produtor e o transformador. Pola súa banda, os produtos artesáns de montaña son aqueles elaborados por empresas artesanais alimentarias radicadas en zonas cualificadas como “de montaña” de acordo co que establece o regulamento da Unión Europea.

A CONTA XERAL RATIFICA QUE EN 2018 GALICIA CUMPRIU TODAS AS REGRAS FISCAIS, PECHOU CUN SUPERÁVIT DE 136 MILLÓNS E AFORROU 70 MILLÓNS EN XUROS DA DÉBEDA

- ***A Comunidade galega rematou o exercicio cun superávit do 0,22% do PIB, o primeiro que se acadou desde o ano 2002***
- ***En 2018, a Xunta acadou unha execución do orzamento de gasto do 97%, que superou o 100% no gasto corrente***
- ***Galicia logrou reducir en 2018 a súa ratio de débeda por segundo ano consecutivo***
- ***As baixadas de impostos tiveron un impacto de 99 millóns, que quedaron nos petos das familias e fogares galegos***
- ***O aforro bruto medrou un 44%, ata acadar os 775 millóns de euros***
- ***Tamén foi a segunda comunidade que dedicou máis recursos propios a investimentos***
- ***Galicia mantén a aposta polo modelo de crecemento san, baseado en aforrar en débeda para reforzar o gasto social e impulsar os investimentos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio 2018, na cal se ratifica que Galicia cumpriu todas as regras fiscais, ao mesmo tempo que pechou o exercicio cun superávit de 136 millóns de euros e logrou aforrar 70 millóns en xuros da débeda respecto ao ano anterior, recursos que foron dedicados a reforzar os capítulos de gasto social e de investimentos.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, presentou hoxe no Consello da Xunta a conta xeral de 2018, na cal se indica que Galicia pechou o exercicio 2018 cun superávit contable de 136 millóns de euros en termos de contabilidade nacional. O resultado de Galicia en termos de contabilidade nacional non só quedou por debaixo do límite autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (0,4%) para todas as administracións autonómicas senón que se acadou un superávit contable por primeira vez desde 2002.

Galicia é unha das comunidades autónomas que conseguiu cumprir en 2018 os tres obxectivos de estabilidade orzamentaria (déficit, débeda e regra de gasto) e mantense como a comunidade que menos aumentou o seu volume de débeda dende o ano 2009, ao mesmo tempo que lidera o tempo de pagamento a provedores. Froito desta política, en 2018 reduciuse o gasto en xuros da débeda en 70 millóns de euros, o que supón un aforro acumulado de 210 millóns nos últimos catro anos.

Alta execución orzamentaria

A conta xeral mostra que en 2018 a Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado de gasto do 97%, un indicador aínda maior -do 102%- no gasto corrente, que engloba todo o gasto social da Administración galega, especialmente o gasto sanitario, educativo e no eido dos servizos sociais.

Na conta xeral tamén se ratifica que as baixadas de impostos aprobadas polo Goberno galego desde xaneiro de 2016 -con especial incidencia no imposto sobre sucesións e doazóns e no programa de impostos cero no rural- tiveron un impacto de 99 millóns de euros, cartos que quedaron nos petos das familias e fogares galegos.

Máis aforro bruto e líderes en investimentos

A Conta Xeral de 2018 mostra igualmente que Galicia acadou un aforro bruto de 775 millóns de euros, o que supón un incremento do 44% respecto ao ano anterior. Este aumento do aforro bruto permite incrementar o grao de investimentos da Comunidade Autónoma sen recorrer ao endebedamento e, no caso de Galicia, este indicador mantén unha senda de evolución positiva nos últimos exercicios.

Ao mesmo tempo, Galicia mantívose en 2018 entre as comunidades autónomas líderes en investimentos. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, Galicia foi o pasado ano a segunda comunidade con maior esforzo investidor –un 12,3% do gasto non financeiro–, fronte ao 7% de media autonómica e só superada por Baleares. Isto supón mellorar a posición do ano anterior, no cal Galicia fora a terceira comunidade.

Líderes en pagamento a provedores

A Xunta continuou en 2018 coa súa aposta por un modelo de crecemento san, baseado no cumprimento dos obxectivos de déficit e de débeda para seguir reducindo os gastos en xuros, o que permite ter maior marxe de gasto nos investimentos, reforzar o gasto social e pagar con máis axilidade aos provedores da Administración.

Ademais, froito da solvencia da Comunidade Autónoma, a Xunta seguiu sendo a Administración autonómica que está a pagar con máis axilidade aos seus provedores. Segundo os datos oficiais do Ministerio de Facenda, ao peche do primeiro semestre o período medio de pagamento de Galicia foi de 13,8 días, o máis baixo de España, fronte aos 36,2 días da media autonómica

A Xunta de Galicia remitirá agora a conta xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor, modificada en 2015 para facela máis exixente e que establece como prazo máximo de remisión o 30 de setembro.

A XUNTA DE GALICIA APROBA UNHA AXUDA EXTRAORDINARIA DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS PARA AS FEDERACIÓNS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE

- ***Trátase de que poidan facer fronte á suba salarial do persoal destas federacións e garantir arredor de 600 prazas públicas de atención á discapacidade que xestionan***
- ***A medida responde ao incremento do salario mínimo interprofesional e ao novo convenio colectivo do sector, que o Goberno central non acompañou dos apoios necesarios ás entidades para afrontar o aumento do gasto***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha axuda extraordinaria de 3,6 millóns de euros ás federacións de entidades do ámbito da discapacidade de Galicia para dar resposta ao incremento de fondos que estas deben pagar cada mes en concepto de nóminas. Con esta medida evítase o despedimento de máis de 400 profesionais e garántese a continuidade de arredor de 600 prazas públicas de atención á discapacidade que xestiona este tecido asociativo e que, en caso de non contar con esta achega, non poderían soste e deberían renunciar a elas.

A Xunta atende así unha necesidade urxente das federacións de discapacidade provocada por dúas decisións do Goberno central: a suba do salario mínimo interprofesional, que adoptou na precampaña das pasadas eleccións xerais e a publicación no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) o pasado 27 de xuño do novo convenio colectivo de centros e servizos de atención ás persoas con discapacidade. Estas decisións supuxeron unha suba salarial de entre o 10 e o 12% no sector, que o Executivo central non acompañou dos apoios necesarios para que as entidades puidesen afrontar o aumento do gasto.

Ante esta situación, o Goberno galego aproba estes fondos extraordinarios que recibirán as principais federacións que actúan no campo da discapacidade con prazas públicas financiadas pola Administración autonómica. Estas son a Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (Fademga), Autismo Galicia, Atención á Parálise Cerebral (Aspace), a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), Down Galicia, a Federación Galega de Dano Cerebral e a Federación de Enfermidade Mental de Galicia.

A previsión é que estas federacións poidan recibir o 70% deste pagamento nas súas contas bancarias a partir de hoxe (o 30% restante farase efectivo cando acheguen a documentación xustificativa necesaria). A finalidade é que poidan trasladar estes fondos canto antes ao seu persoal en forma de suba salarial, con efectos do 1 de xaneiro.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 22,3M€ NA POSTA EN MARCHA DE 77 OBRADOIROS COS QUE SE INCREMENTARÁN AS OPORTUNIDADES LABORAIS DE 1432 GALEGOS

- ***Os beneficiarios destes programas, que o Goberno galego leva a cabo en coordinación cos concellos, mancomunidades de municipios e entidades públicas dependentes ou vinculadas a eles, recibirán formación con certificado de profesionalidade e un contrato de traballo***
- ***Realizaranse 57 obradoiros duais de emprego e 20 específicos para menores de 30 anos a través do Sistema de garantía xuvenil para seguir impulsando o acceso ao mercado laboral entre a mocidade***
- ***Celebraranse 11 obradoiros duais na especialidade forestal e 3 destinados á conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación delimitadas do Camiño de Santiago***
- ***Deuse prioridade aos proxectos promovidos por concellos agrupados ou resultantes de fusión de dous ou máis nos 10 anos anteriores, aos concellos emprendedores -dos 156 concellos beneficiados, o 55% son emprendedores- e aos proxectos relacionados coas TIC e coa economía dixital***
- ***Valórase a relación do programa co tecido empresarial do territorio e as súas posibilidades de inserción laboral e no caso dos obradoiros duais tense en conta que as entidades promotoras desenvolvan un programa de inserción laboral das persoas participantes mediante os incentivos á contratación laboral durante un mínimo de tres meses a xornada completa***

A Xunta vén de resolver a convocatoria de axudas dos obradoiros de emprego dirixidas aos concellos, mancomunidades e entidades públicas dependentes que permitirá a realización dun total de 77 obradoiros e incrementará as oportunidades laborais de 1432 galegos sen emprego a través dun investimento de 22,3 M€. Os beneficiarios recibirán formación con certificado de profesionalidade e tamén un contrato de traballo.

En concreto, realizaranse 57 obradoiros duais de emprego aos cales se destinarán 18,9 M€. Trátase da segunda convocatoria deste programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación para o emprego recibida, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa inserción laboral. Destes obradoiros, un total de 11 estarán centrados no eido forestal e tres no Camiño de Santiago. A duración dos obradoiros duais será de 9 meses.

Ademais, celebraranse 20 obradoiros xuvenís para menores de 30 anos que estean inscritos e en situación de beneficiarios no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma. As actividades estarán relacionadas coa titulación ou formación previa que posúan ou para a mellora do seu nivel de competencia profesional. A súa duración será de 6 meses.

Por provincias, A Coruña contará cun total de 25 obradoiros (16 duais e 9 xuvenís), Lugo 14 (12 duais e 2 xuvenís), Ourense 17 (14 duais e 3 xuvenís) e Pontevedra 21 (15 duais e 6 xuvenís).

Entre os criterios de valoración desta convocatoria destacaron a maior puntuación para os concellos asociados ou resultantes de fusións de dous ou máis municipios, así como para os concellos emprendedores. De feito, dos 156 concellos que se beneficiarán destes obradoiros, 87 son emprendedores (o 55% do total). Tamén se primaron os proxectos que tiveron máis actividades relacionadas coas TIC e coa economía dixital; a relación do proxecto co tecido empresarial do territorio e, nos casos dos obradoiros duais, valorouse o desenvolvemento dun programa de inserción laboral mediante incentivos á contratación laboral durante un mínimo de tres meses a xornada completa.

Os obradoiros de emprego, que comezarán a partir do 30 de setembro deste ano, forman parte da Axenda 20 para o Emprego que inclúe, entre os seus obxectivos, mellorar a formación, capacitación e especialización dos traballadores ao longo da vida laboral como panca de cambio. Permite, ademais, actualizar a formación para o emprego nun contexto de aparición de novas ocupacións e transformación ou desaparición doutras.

A XUNTA ACHEGOU MÁIS DE 2,7 ME ÁS UNIVERSIDADES GALEGAS NO PRIMEIRO TRIMESTRE DESTE ANO, A TRAVÉS DE 55 CONVENIOS ESPECÍFICOS

- ***A maior contía absorbea o financiamento de investigacións, aínda que o maior número de acordos se corresponde co apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado***

A Xunta de Galicia asinou un total de 55 convenios de colaboración coas universidades galegas no primeiro semestre de 2019, 17 máis ca no mesmo período do ano anterior. O importe total destes acordos ascendeu a 2.731.335,86 euros (un 127,15% máis que no primeiro semestre do 18); e o importe medio que representou cada convenio para as universidades foi de 49.660,45 euros (unha suba porcentual do 56,94%).

Así se desprende do informe do 1º semestre de 2019, analizado hoxe no Consello da Xunta, emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

Por consellerías, a que máis colaborou con estas institucións académicas foi a de Cultura e Turismo, con 13 convenios, seguida da de Economía, Emprego e Industria con 12, e da de Sanidade con 7. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e Política Social asinaron 6 convenios cada unha delas, a do Mar 4, a de Infraestruturas e Mobilidade 3, a Presidencia da Xunta 2 e as de Facenda e do Medio Rural 1 cada unha delas.

No referido á contía dos convenios, o financiamento de investigacións que se consideran urxentes ou de especial interese para a consellería correspondente absorbe o maior orzamento, con 1.370.914,26 euros, que representa a metade da contía total, seguido do apoio ás accións sociais (758.721,60 euros), o apoio ao mantemento de infraestruturas (393.500 euros), e os másters oficiais con 208.200 euros.

En canto á repartición por universidades, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) obtivo neste período o 66,01% das achegas, A Coruña (UDC) o 15,78% e a Universidade de Vigo (UVigo) recibiu o 8,33%. Deste xeito o importe dos convenios coa USC ascendeu a 1.802.889,26 euros, coa UDC a 430.875 euros e coa UVigo a 227.571,60 euros. Pola súa parte, as colaboracións co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) supuxeron un investimento de 270.000 euros.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE ADQUIRIRÁ ESTE ANO 615.000 DOSES DE VACINA ANTIGRIPIAL, 7.000 MÁIS QUE PARA A CAMPAÑA DO PASADO ANO

- ***O orzamento destinado supera os 3,4 millóns de euros, o que supón un incremento de máis do 58% respecto ao 2018***
- ***Amplíase a utilización das vacinas antigripais tetravalentes, empregadas na pasada campaña só en mulleres embarazadas e poboación infantil, a grupos de risco entre os 15 e os 64 anos***
- ***Inclúese como poboación diana os nenos entre 6 meses e 2 anos que naceran prematuros e as persoas con trastorno da coagulación***
- ***O persoal sanitario vacínase, por segundo ano consecutivo, unha semana antes do inicio da campaña***

A Consellería de Sanidade adquiriu este ano un total de 615.000 doses de vacinas antigripais, 7.000 máis que na campaña do pasado ano, co obxecto de mellorar os resultados mantendo a oferta de vacinación a todas as persoas incluídas nos grupos de risco, de xeito totalmente gratuito, co fin de aumentar as coberturas. O orzamento total destinado á compra destas vacinas ascende a 3.466.632 euros, 1.283.220 euros máis que no ano 2018, o que representa un incremento de 58,78%. Este aumento no custe vén motivado fundamentalmente pola adquisición de mellores vacinas antigripais, cunha clara aposta polas vacinas antigripais tetravalentes que, *a priori*, proporcionan mellores expectativas de eficacia e de protección.

A adquisición destas vacinas tetravalentes antigripais é un dos obxectivos marcados no Plan galego de atención primaria, aprobado o pasado mes de maio polo Consello da Xunta, co obxectivo de mellorar o programa de vacinación fronte á gripe.

Na campaña antigripal de 2019, o departamento sanitario adquiriu os produtos máis vantaxosos dispoñibles no mercado, adecuando ao máximo as vacinas ás características da poboación a que van destinadas. Do total das 615.000 doses de vacinas antigripais mercadas para a campaña deste ano, 20.000 corresponden á vacina tetravalente de cultivo en ovos, para nenos de 6 meses a 14 anos, con patoloxías de base; 165.000 doses de vacina tetravalente de cultivo celular, para os grupos de risco de 15 anos a 64 anos e tamén embarazadas, e 430.000 doses de vacina trivalente adxuvada, para as persoas de 65 anos ou máis anos ingresadas en residencias ou non.

A campaña iníciase a mediados do vindeiro mes de outubro e rematará a finais de decembro. A Consellería de Sanidade contará con 900 puntos de vacinación habilitados repartidos por toda a Comunidade Autónoma: centros de saúde e hospitais da rede do Sergas, centros sanitarios privados, residencias da terceira idade e outros centros con residentes susceptibles de beneficiarse desta vacinación.

Como principais novidades, amplíase a utilización das vacinas tetravalentes á poboación en risco entre os 15 anos e os 64 anos. Esta vacinas conteñen ademais das 3 cepas habituais, unha cepa a maiores do virus B, co que, *a priori*, aumenta a protección que ofrecen. Cómpre

subliñar que o pasado ano estas vacinas se empregaron só en poboación infantil e mulleres embarazadas.

Outras das novidades salientables en canto á poboación diana é a inclusión como grupo de risco dos nenos de entre 6 meses e dous anos de idade que naceran prematuros (con menos de 32 semanas de xestación) e a incorporación explícita das persoas con trastornos da coagulación.

Cobertura no persoal sanitario

Como xa sucedera na campaña antigripal de 2018, dados os bos resultados e a boa aceptación que tivo, o departamento sanitario mantén a iniciativa da vacinación no persoal sanitario do Sergas. Esta realizarase unha semana antes do comezo da campaña poboacional, para facilitar e favorecer a inmunización antes do inicio desta. Cómpre subliñar que na pasada campaña se acadou unha cobertura do 46,04%, 7 puntos máis que o ano anterior e superando en 6 puntos o obxectivo establecido neste colectivo.

A vacinación ofertarase gratuitamente para as persoas de 60 anos ou máis, residente en institucións pechadas, de calquera idade, mulleres embarazadas e tamén para aquelas entre 6 meses e 59 anos con factores de risco que os predispoñen a padecer complicacións derivadas da gripe. Ademais, ofértase a persoas que poden transmitir a gripe e outras con alto risco de complicacións (entre os cales se atopan os traballadores sanitarios) e tamén para persoas que desenvolven servizos esenciais para a comunidade.

A vacina antigripal non só evita casos senón que diminúe a frecuencia de complicacións derivadas desta enfermidade e tamén o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe.

Cómpre subliñar que o pasado ano a vacinación no colectivo de mulleres embarazadas acadou unha cobertura do 52,22%, duplicando as cifras de 2017 e superando en 12 puntos o obxectivo marcado ao inicio da campaña.

Loxística da campaña

Para poñer en marcha a campaña, a Consellería de Sanidade terá activa unha web temática da gripe como principal portal de información para a sociedade e os profesionais, con toda a información técnica e os datos de evolución da campaña.

Ademais, os profesionais sanitarios (médicos e persoal de enfermaría) contarán con informes periódicos sobre a cobertura de vacinación antigripal por cota, que lles permitirá dispoñer de información personalizada.

A XUNTA DE GALICIA DESTACA A BOA ACOLLIDA DA NOVA CONVOCATORIA PARA A APERTURA DE 15 NOVAS CASAS NIÑO NO RURAL

- ***O número de solicitudes duplica a oferta dispoñible***
- ***Galicia entrará na vindeira década con 75 Casas Niño en funcionamento, o que supón poñer á disposición das familias de maneira gratuíta 375 prazas públicas para a atención a nenas e nenos ata os 3 anos***
- ***Trabállase nunha nova orde de axudas extraordinaria á cal se poderán acoller aqueles concellos que aínda non contan con ningún recurso de conciliación***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre a orde de axudas deste ano para a creación de 15 novas Casas Niño. Esta nova convocatoria, publicada o pasado mes de xullo e dotada dun crédito de 1,1 millóns de euros, recibiu 29 solicitudes, o que duplica a oferta dispoñible. Esta cifra pon de manifesto a boa acollida deste programa dirixido a facilitar a conciliación das familias en concellos de menos de 5000 habitantes.

Destas solicitudes para contar cunha Casa Niño, sete veñen da provincia da Coruña, cinco da de Lugo, dúas da de Pontevedra e 15 proceden da provincia de Ourense. Os técnicos da Consellería de Política Social valorarán todas as peticións recibidas e resolverán as 15 novas Casas Niño que se poderán poñer en funcionamento a partir dos vindeiros meses. Como en anteriores convocatorias, a Xunta achegará o investimento necesario para adecuar os inmobles para prestar o servizo de Casa Niño e tamén financiará o desenvolvemento dos proxectos.

Con esta medida, ampliarase ata 75 o número de equipamentos deste tipo con que contará Galicia, a través dos cales se porán a disposición das familias de maneira gratuíta 375 prazas públicas de atención a nenas e nenos de 0 a 3 anos.

Ademais, o Goberno galego está a preparar unha nova orde de axudas extraordinaria para que os 23 concellos que non teñen ningún recurso de conciliación poidan dispoñer tamén dunha Casa Niño. O obxectivo é que cando remate a lexislatura, o 100% dos municipios de Galicia conten cun servizo que facilite a harmonización da vida familiar, laboral e social.

Máis facilidades para as familias

A extensión desta rede de conciliación no rural enmárcase na aposta do executivo autonómico por dar as maiores facilidades para formar unha familia. Neste eixo de actuacións destacan, entre outras medidas xa en vigor: a Tarxeta Benvinda ampliada ata os 3 anos para as rendas máis baixas; o incremento das prazas públicas de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos por riba das 25.000; as axudas para a apertura de escolas infantís en polígonos industriais, confrarías e cooperativas agrarias; o Bono Concilia, para pagar a escola infantil a aquelas familias que non accedesen a unha praza pública; ou o Bono Coidado, para a contratación puntual dun coidador ou ludoteca.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A Xunta seguirá a aumentar nos vindeiros meses o apoio ás familias galegas, coa introdución de melloras na Tarxeta Benvida para as familias con tres ou máis fillos e para as que viven no rural; e, a partir de 2020, coa gratuidade das escolas infantís para o segundo fillo e sucesivos.